

Don José Villán Fuertes, Secretario do Concello de Carballo - A Coruña

CERTIFICO:

Que o Pleno da Corporación Municipal, en sesión Extraordinaria celebrada en data luns 2 de marzo de 2020 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"5.- Estudio de detalle da fachada costeira de Razo. Aprobación definitiva. (CIPUM de 24/02/2020)

Sometido o asunto a votación, con doce (12) votos a favor, dos concelleiros do grupo municipal do BNG, e nove (9) abstencións, dos concelleiros dos grupos municipais de PP (4), PSdG-PSOE (3) e TEGA (2), o Pleno municipal acorda:

Primeiro.- Estimar e desestimar as seguintes alegacións en base á argumentación sobre as mesmas contida no anexo 4 da documentación do estudo de detalle e no apartado VIII do informe dos servizos municipais de data 19/02/2020:

Estimar:

.- As alegacións formuladas polo propietario da parcela catastral 3731901NH2941N0001QW mediante escrito presentado con data 19/07/2019 R.E. con data 19/07/2019, complementado con outro presentado con data 14/08/2019 (R.E. 20190000006738).

Desestimar:

.- As alegacións formuladas polo propietario da parcela catastral 3731905NH2941N0001FW, mediante escrito presentado con data 30/08/2019 (R.E. 20190000007005).

.- As alegacións formuladas polos propietarios da parcela catastral 3631802NH2941N0001FW, mediante escrito presentado con data 11/09/2019 (R.E. 20190000007251).

Segundo.- Aprobar definitivamente o estudo de detalle da fachada costeira en Razo, previsto no PXOM que ten como obxectivos o axuste das aliñacións e a regulación de criterios compositivos e estéticos non regulados polo planeamento xeral para a recuperación paisaxística do fronte litoral de Arnados, promovido polo concello de Carballo, segundo a documentación técnica presentada con data 12 de febreiro de 2020 (R.E. 202099900000300), asinada dixitalmente polos arquitectos Iria Pérez Miranda (arq. col. 3194 C.O.A.G.); Miguel Ángel Abad Blanco (arq. col. 1877 C.O.A.G.); Antonio Deus Álvarez (arq. col. 1875 C.O.A.G.) e Ignacio Lázaro Quintela (arq. col. 3877 C.O.A.G.).

Terceiro.- Publicar o acordo de aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia no prazo dun mes dende a súa adopción sinalando a referencia ao enderezo electrónico no que figurará o contido íntegro deste estudo de detalle á disposición do público.

Cuarto.- Publicar no Boletín Oficial de A Provincia (BOP) os "criterios de composición e estética" contidos no apartado II.2 da memoria do estudo de detalle.

Quinto.- Comunicar o presente acordo á Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (CMATV), e remitirle un exemplar do estudo de detalle debidamente dilixenciado, aos efectos da súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

Sexto.- Notificar o acordo de aprobación definitiva do estudo de detalle a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados ás cales xa se lles tivese notificado a aprobación inicial."

E para que conste, para os efectos oportunos expido o presente certificado coa reserva establecida

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2020/G010/000002

no art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, en Carballo, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

V. e Pr.
O alcalde